

Galicia Hoxe

SABADO

16

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

ESFORZO DO CONSELLO DA CULTURA PARA ACHEGAR POSTURAS SOBRE O BORRADOR DO DECRETO DO GALEGO

LECTURA EN POSITIVO Freixanes, Ramón Maiz, Rosario Álvarez, García Caridad e Monteagudo traballan xa no informe que o CCG presentará nun mes **Páxs. 33 e 34**



Henrique Monteagudo, filólogo

IDIOMA O Consello da Cultura quere realizar un informe sobre o borrador que fomenta a flexibilidade no uso do galego e achegue os partidos políticos

En positivo

Henrique Monteagudo cre que o decreto actual ten puntos "renunciabíles" e ao de Feijóo ponlle carencias

L. Sandoval · Santiago

Un texto en positivo que trate de achegar posturas e que sexa, sobre todo, flexible. Ese será o principal obxectivo do informe que presente o Consello da Cultura Galega (CCG) sobre o polémico borrador do decreto do galego impulsado polo goberno de Alberto Núñez Feijóo. O informe, que non será aprobado previsiblemente até a primeira semana de febreiro, cando se reúna o plenario, comezou onte a súa andaina coa constitución da comisión encargada de redactalo. Nela, como reflexo do amplo abano ideolóxico que nutre esta institución dependente do Parlamento, conflúen desde o responsable da editorial Galaxia, Víctor Fernández Freixanes, a Ramón Máiz, director da Fundación socialista Iniciativas 21, pasando pola académica Rosario Álvarez e o secretario do CCG, Henrique Monteagudo. Canda eles, o representante da Academia de Xurispredencia, José Antonio García Caridad, autor do negativo informe que emitiu o Consello Consultivo sobre o actual decreto do bipartito. Como aseor, nomeouse a Bieito Silva, especialista en didáctica das linguas.

Esta primeira reunión, á que non puido asistir García Caridad, serviu de primeiro intercambio de impresións. Os membros da comisión, en principio, son críticos coa filosofía de fondo do texto e rexeitan, totalmente, que os pais elixan o idioma do ensino. Tampouco os convence que o "principio de equilibrio" lingüístico desalixe os "principios de promoción do galego" —inherentes aos atributos da Xunta— ou que o inglés se imponha como lingua vehicular.

Carencias compartidas de ambos os decretos

Iso non impide que a vontade da comisión sexa "desatoar o debate" no que quedou demerxida a sociedade galega pola crispación lingüística, subliñaba onte Henrique Monteagudo. El, particularmente, defende que os partidos políticos abandonen as posturas inamovíbeis e busquen puntos de coincidencia.

Como experto, engade, "o decreto do bipartito paréceme bo, pero un decreto de inmersión non é aplicable se non hai un amplísimo consenso arredor del e aquí non o había". Esas mesmas caren-



Henrique Monteagudo é lingüista e secretario do Consello da Cultura Galega

CALENDARIO

A RAG terá hoxe o seu estudo

A Real Academia Galega (RAG) espera remitirle hoxe á Xunta o seu informe sobre o borrador do decreto do galego, que fará público a próxima semana, segundo informou o secretario da institución, Manuel González.

O informe elaborado por cinco académicos será debatido hoxe nunha nova sesión do plenario, na sede coruñesa da RAG, como parte dun proceso iniciado o luns. Case a totalidade dos membros manifestaron a súa desconformidade co contido do borrador.

Sobre o informe, avanzou que "está case rematado", des-

pois de que os académicos realízaen individualmente a súa valoración e de que, posteriormente, expuxesen as súas posicións no plenario do luns pasado. Nesa primeira reunión, acordouse que cinco académicos recollen estas opinións, base do texto que analizarán hoxe. "Tan pronto estea aprobado, remitiráselle á Xunta", afirmou Manuel González, quen avanzou que a intención dos académicos é dar a coñecer o seu contido publicamente nunha comparecencia ante os medios de comunicación a principios da próxima semana.

Maratón de Jesús Vázquez

Do luns 18 ó venres 22. Este é o calendario previsto polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, e o secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, para presentar as súas bases do decreto do plurilingüismo a case 30 colectivos. Os representantes da Xunta escoitarán as suxestións de representantes políticos, académicos e sindicais, así como asociacións de nais e pais e outras implicadas na política lingüística.

Ademais de reunirse con voceiros do PP, PSdeG e BNG, Vázquez e Lorenzo recibirán repre-

sentantes do Consello da Cultura Galega, a Real Academia, oito sindicatos, as tres patronais de centros concertados e a dos privados, as XX confederacións de asociacións de nais e pais que funcionan en Galicia, a Confederación Galega de Minusválidos e os representantes da Mesa pola Normalización Lingüística, a Mesa pola Liberdade Lingüística e a Galicia Bilingüe.

O calendario maratoniao de reunións inclúe representantes da xunta de directores de centros públicos, equipos de normalización e editores.

cias, aínda que aumentadas, obsérvaas no decreto promovido por Feijóo, en especial a introdución do inglés, "eu non mesturaría nun mesmo texto as cuestións relativas ás linguas cooficiais coas da lingua estranxeira. Iso non ocorre en ningún lugar de Europa".

A introdución do inglés, opina, "debería ser gradual conforme se avanza na escolarización". Respecto da elección paterna, cre que a súa opinión "xa está representada a través dos centros escolares" e que a función outorgada polo borrador "o único que introduce é ruído no sistema educativo sen achegarlle capacidade de eficacia. Os pais, ademais, non o damandan".

A súa proposta persoal, na liña dunha "flexibilización máxima", dividiría ao 50% o ensino de galego e castelán e non esixiría que ese 50% se especificase nas materias troncais. O modelo, en calquera caso, "debería ser común a toda Galicia e admitir que puidese haber marxes para introducir máis ou menos galego, ou máis ou menos castelán, nas aulas en función das necesidades escolares. A administración educativa, a proposta dos consellos escolares, debería ser a encargada de aprobar eses modelos distintos".

"En vista da reacción que suscita o borrador, as autoridades políticas deben decatarse de que hai aspectos fundamentais do borrador con moi mala acollida, sobre todo do sector educativo. Deberían reflexionar, eles e tamén a oposición". ●

CTNL

■ Critican a xestión de Anxo Lorenzo

Anuncian un "caos" para os exames do Celga

A Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua (CTNL) solicitoulle á Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) que modifique a convocatoria dos cursos preparatorios para as probas Celga, publicada no DOG do 11 de xaneiro, xa que esta presenta "unha serie de problemas que provocarán caos e graves prexuízos na súa organización e desenvolvemento e na inscrición nos propios cursos e nos exames Celga de moitas persoas interesadas", subliña a coordinadora nun comunicado.

A convocatoria, engaden, "supón, ademais, unha desconsideración absoluta dos servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos que, na práctica, son os que maioritariamente se encargan de xestionar e difundir os cursos e a inscrición das persoas participantes, e por parte da SXPL non hai ningún contacto nin coordinación previa coa gran maioría dos SNL para a planificación territorial e temporal dos cursos".

Para a coordinadora, dáse unha "total falta de universalidade e de planificación territorial da oferta formativa, que suporá que haxa comarcas enteiros nas que non se realice ningún curso de galego en todo o ano, o que significará que a poboación desas comarcas non teña oportunidade de formarse en lingua galega para as probas Celga se non é desprazándose grandes distancias".

600.000 € de Política Lingüística aos concellos

Mentres, a Secretaría Xeral de Política Lingüística anunciou onte que destinou 602.662 euros ao ámbito local para dinamizar o uso da lingua galega. En total, os 63 concellos e as catro deputacións que solicitaron as axudas recibiron a subvención do departamento que dirixe Anxo Lorenzo para a realización de actividades de fomento do uso do galego.

As cantidades recibidas polos concellos, en consonancia coas actividades xustificadas, oscilan entre os 1.369,81 euros de Santiso e os 34.829,52 euros de Vigo. Ademais dos concellos, tamén recibiron axudas a Deputación da Coruña (45.000 euros), a Deputación de Lugo (12.748,05), a Deputación de Ourense (22.713,10) e a Deputación de Pontevedra (30.014,07). ●